<p>Considérase que o grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, xa que tanto na Memoria de Verificación do Título coma no Sistema de Garantía Interno da Calidade queda perfectamente detallada toda a información referida ó Título, aportando –no SGIC– diferentes procedementos asociados ó Deseño do Título (P01-PC-0).</p> <p>No curso 2011-12, tendo en conta o número de prazas ofertadas no Campus de Santiago (80 )os alumnos/as matriculados de novo ingreso foron un total de 125, mostrando unha variación na matrícula de novo ingreso dun 7,76% A diferenza entre o número de prazas ofertadas e os alumno/as que cursan o período vixente resulta de que son admitidos todos aqueles que acadan a mínima nota de corte; inclúense nesta cifra tamén os alumnos de curso ponte e os trasladados doutras universidades.</p> <p>No curso analizado refírese unha nota media de acceso por preinscrición dun 8.47. Accederon ó Grao de Infantil cunha nota de corte inferior a 6, un 7,21% e cunha cualificación superior a 6 un 92,79 %. Do total do alumnado, non hai ningún alumno/a estranxeiro, e un total dun 3,81% proceden de fóra da Comunidade Autónoma Galega.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

<b>Xustificación</b>						
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>						
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>						
<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>
						<b>D</b>
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>						
<p>Considérase que o grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio; A Memoria de Verificación do Título xustifica o seu interese académico, científico e profesional, tanto pola traxectoria deste título da USC no campo da pedagogía e nos diferentes ámbitos de actuación e intervención educativa como pola vinculación ás prácticas educativas escolares.</p> <p>Para a valoración deste criterios téñense en conta as recomendacións establecidas no programa FIDES-AUDIT e a súa valoración é moi satisfactoria; pois no relativo á política e obxectivos de calidade da formación (directriz 1. p. 9), o SGIC recolle non so os elementos nos que ha de sustentarse senón tamén elementos relativos á participación, grupos de interese implicados, información orientada á mellora da política e obxectivos, así como as melloras derivadas da política e obxectivos da calidade da formación. Estas directrices aparecen debidamente xustificadas e recollidas no SGIC, no seu manual do sistema (no capítulo 4) e no manual de procedementos no relativo ao PE-01 de Planificación Estratéxica do Centro e o PE-02 de Política e Obxectivos de calidade do centro</p> <p>A formación en Mestre/a en Educación Infantil demostra respostar ás demandas sociais que capacitan a profesionais para desenvolver accións específicas no ámbito educativo nos primeiros anos de vida dos individuos, dende unha perspectiva integradora e así se reflicte na demanda crecente de estudantes que optan por esta titulación. Os datos avalan esta reflexión, xa que no curso obxecto deste informe a titulación ten unha matrícula de 315 alumnos/as, cifra superior á recollida nos cursos anteriores , de 203 e 102 alumnos/as, respectivamente.</p>						
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>						
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>						
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

Competencias/Obxectivos							
Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>A Memoria para a Verificación do Título recolle no seu apartado 3 as competencias que desenvolve o Grao de Mestre en Educación Infantil e que capacitan ós estudantes para exercer como profesionais, competencias referidas tanto o coñecemento científico disciplinar como destrezas, habilidades e actitudes que lles permitan intervir con éxito nos contextos educativos. Do mesmo xeito, o Título responde satisfactoriamente aos obxectivos que xustifican a súa implantación, así como ás directrices establecidas no programa FIDES-AUDIT (na súa directriz nº 2), que alude especificamente aos obxectivos do plan de estudos; que resulta concordante coa filosofía do Plan, co perfil profesional dos futuros egresados, etc. Unhas directrices que aparecen tamén recollidas no Sistema de Garantía Interno de Calidade (no capítulo 6, MC06) relativo ao procedemento para lograr os obxectivos formulados, así como adecualos ao Plan de estudos e á súa oferta formativa. Así mesmo, no Manual de Procedementos do SGIC tamén se recollen nos apartados PC01 Deseño e aprobación da oferta académica; P01-PC-01 de Deseño do Título e PC-02 de Suspensión do Título.</p> <p>Considérase que este criterio se está a acadar de forma satisfactoria na medida en que así o reflicten as enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que realiza a propia Universidade; esta titulación obtén unha puntuación de 3,77; así mesmo, o profesorado móstrase satisfeito coa docencia impartida, acadando este indicador unha puntuación de 3.13.</p> <p>Por outra banda, dende a propia titulación se ven administrando cada curso académico un cuestionario elaborado para analizar máis pormenorizadamente a marcha do título e que recolle, entre outros aspectos, a consecución dos obxectivos previstos; este cuestionario é administrado ó alumnado de cada curso e os resultados obtidos demostran un elevado grao de satisfacción coa formación recibida.</p>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b></p> <p>Baixo a responsabilidade dos coordinadores de cursos e título e do propio Decanato, se ten elaborado un cuestionario para administrar ó alumnado o rematar cada curso que permita recoller evidencias sobre o funcionamento do título. Consta de diferentes apartados nos que nunha escala de 1 a 5 os alumnos/as avalían: horarios, obxectivos das materias, contidos das mesmas (pertinencia, solapamentos, utilidade), criterios de avaliación, metodoloxía empregada para a impartición tanto das clases expositivas como interactivas, recursos materiais e servizos do centro; contempla tamén un apartado de suxestión e propostas de mellora.</p>							
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p> <p>Mellorar a atención prestada ás competencias que teñen que ver coa toma de decisións e a resolución de problemas no contexto escolar por parte das diferentes materias do título e recoller evidencias sobre o grao de consecución das mesmas</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

<b>Acceso e admisión de estudantes</b>							
<i>Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>A valoración relativa a este criterio é satisfactoria, pois, por unha parte na propia MVT quedan claramente reflectidos os sistemas de información previa á matriculación e ós procedementos de acollida e orientación do estudantado de novo ingreso e, por outra, amósanse as diferentes canles empregadas para a información e orientación en centros de secundaria a través do programa "A Ponte" así como os requisitos de acceso ó Título e de transferencia e recoñecemento de créditos. No Sistema de Garantía Interna de Calidade, no apartado correspondente (MC 05) se recolle, tamén, información relativa á captación de estudantes acorde co perfil definido e coa oferta de prazas da titulación.</p> <p>A posta en práctica destas directrices implica que se celebren ó inicio do curso, sesións de presentación e acollida do novo alumnado a cargo do coordinador/a do curso, así como sesións informativas ó alumnado do curso ponte, aínda en vigor, e con número suficiente de alumnado matriculado, baixo a responsabilidade do coordinador da titulación Séguese a demandar a CIUG un axuste entre o número de estudantes que acceden ao grao e o nº de prazas aprobado pola Xunta de Facultade e polo Consello de Goberno, pois estanse a incluír todos aqueles alumnos que teñen a puntuación mínima requirida, o que incrementa o número total de admitidos</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<p>Demandar á CIUG que axuste o número de alumnos de novo ingreso ao número de prazas ofertadas aprobado pola Xunta de Facultade e o Consello de Goberno.</p> <p>Incluír no Programa A Ponte charlas sobre "a profesión de ensinar" nos centros de secundaria para favorecer a captación de alumnado</p>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

Planificación das ensinanzas							
<i>Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>A valoración que merece o criterio de 'Planificación das ensinanzas' resulta satisfactoria en tanto que se adecúa ós obxectivos e perfil do Título e presenta unha estrutura modular que permite un achegamento teórico-conceptual ás diferentes realidades e contextos de acción-intervención educativa, ademais da formación práctica. Así mesmo, esta planificación das ensinanzas pretende que o alumnado se achegue a distintos contextos de aprendizaxe, fomentando a mobilidade a diferentes espazos universitarios tanto do contexto europeo como americano, sendo tamén un centro e titulación de acollida.</p> <p>A planificación da docencia en canto a organización espacio-temporal, supón afrontar un importante reto, dado o elevado número de alumnos matriculados nas diferentes titulacións que imparte esta Facultade, cumprindo, para o Grao de Educación Infantil un importante nivel de satisfacción tanto de cara ó alumnado como ao profesorado. Este número de alumnos fai que o nº total de estudantes por profesor se vexa incrementado (7,87%) con respecto a outros cursos e o número de alumnos por grupo teórico (85,1) supere o nº de prazas ofertadas polo centro, o que non se reflicte de xeito moi negativo na valoración que o estudantado fai da docencia recibida, dato que xase indicou con anterioridade.</p> <p>A formación de Mestre en Educación Infantil ten un piar moi importante na súa formación práctica con 3 prácticum obrigatorios debidamente organizados e secuenciados, que responden ós obxectivos e competencias que deben adquirir un mestre/a e amosa un importante grao de cumprimento según nos indican os datos para o curso analizado: O alumnado amosa unha puntuación de 4.05 na súa valoración sobre o grao de satisfacción cos programas de prácticas externas, e os titores, un 3,8.</p> <p>En canto o estudantado que se acolle a programas de mobilidade no curso a verificar, o número de estudantes da USC enviados a outras universidades supón un 2,22%, mentres que os acollidos procedentes doutros centros foron 1,9%; é un índice que deberá tentar mellorarse en cursos sucesivos.</p> <p>Dado que é o alumnado de Curso Ponte o que está a realizar o TFG, pois non se ten implantado o 4º curso onde se imparte esta materia do plano de estudos, a abordaxe da mesma supón únicamente axustes en canto a calendario, favorecendo o seu inicio no 1º cuatrimestre para facilitar o seu remate en tempo.</p> <p>Os datos recollidos nos cuestionarios que elabora o centro sobre a marcha da titulación reflicten que os alumnos valoran de xeito positivo a mesma, así como os recollidos pola Universidade nas enquisas de satisfacción de docencia (3.77, é o grao de satisfacción amosado polo alumnado e 3,13 polo profesorado)</p>							
<p><b>BOAS PRÁCTICAS:</b></p> <p>Administración do cuestionario anteriormente descrito que permite obter relevancias sobre apartados avaliados neste indicador. Difusión do mesmo o profesorado de cada curso, análise dos resultados e traballo sobre os puntos débiles detectados de cara a súa progresiva mellora.</p>							
<p><b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b></p> <p>Solicitar á Reitoría un maior recoñecemento do número de horas adxudicadas á titorización dos TFG na PDA e POD</p> <p>Avanzar na elaboración e exposición pública das guías docentes das materias para promover procesos de coordinación e complementariedade entre elas</p>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

Recursos humanos							
<i>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b>							
<p>Consideramos que o grao de cumprimento deste criterio resulta suficiente; xa que, tal e como se recolle na MVT contéplase un amplo abano de persoal académico que –coa súa experiencia en diferentes ámbitos científicos, académicos e/ou profesionais– contribúe ó coñecemento e ó desenvolvemento de competencias, destrezas e habilidades nas disciplinas que integran o Plan de estudos de Mestre en Infantil. Os méritos docentes e de investigación acreditados polo conxunto do profesorado avalan as súas traxectorias académicas e os procesos de selección que han de superar para exercer a docencia neste ámbito.</p> <p>Os datos para o curso académico 2012-13 amosan unha porcentaxe de PDI con sexenios sobre PDI con quinquenos de 28.13% e de PDI doutor sobre o total do PDI dun 70%, dato superior ó dos 2 cursos anteriores (64% e 68% respectivamente.)</p> <p>Coa implantación progresiva da titulación faise necesaria a incorporación de novo persoal docente que reúne as condicións requiridas para o tipo de prazas que a USC convoca ó efecto así como a continua formación dos integrantes da plantilla de profesorado.</p> <p>Os resultados das enquisas de avaliación de satisfacción do profesorado avalan o grao de satisfacción deste descritor, que, como se indicou con anterioridade é de 3,13.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
Continuar coa impartición do Curso sobre competencias informacionais por parte do persoal da Biblioteca para o alumnado de 1º curso.							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
Dotar o persoal da biblioteca da formación e os recursos necesarios para impartir un curso avanzado sobre o manexo da información, co fin de que sexa levado á práctica nos últimos cursos da titulación con vistas á realización do TFG.							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			



<b>Recursos materiais e servizos</b>							
<i>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>O grao de cumprimento deste criterio está a ser satisfactorio; considérase que as infraestruturas e materiais para a impartición do Título resultan –agás algunhas excepcións- satisfactorias, tendo en conta o volume de alumnado do centro e permiten o traballo axeitado tanto nas clases expositivas como interactivas.</p> <p>Durante este curso académico continuouse coa renovación de mobiliario das aulas, coa mellora dos recursos e medios audiovisuais e na accesibilidade ós fondos da Biblioteca.</p> <p>O Centro dispón de espazos de reunión, de traballo e estudo para o alumnado e se lles facilita ó acceso a materiais para a adquisición de coñecementos, como a biblioteca de libre consulta, o campus virtual, redes de recursos, etc.</p> <p>Co fin de garantir a calidade e a cantidade de recursos materiais e servizos, o centro conta con Comisións Delegadas da Xunta de Facultade encargadas de garantir a adquisición, revisión e mantemento de recursos materiais en función das demandas dos implicados e da adecuación ós novos medios educativos.</p> <p>Da análise dos cuestionarios administrados ao alumnado e das consultas realizadas ao profesorado, dedúcese que a dotación de medios informáticos pode mellorarse e sería desexable a instalacións de pizarras dixitais nalgúns espazos do campus Norte. Tamén precisan de melloras importantes os servizos de conserxería, cafetería e reprografía.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
Instalar pizarras dixitais nalgúns espazos do Campus Norte da Facultade de Ciencias da Educación							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

<b>Resultados previstos</b>							
<i>Valorase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>O grao de cumprimento do criterio de 'resultados esperados' que figuran na memoria para a verificación de títulos oficiais é satisfactorio e responde ós indicadores reflectidos no seu momento na MVT. Así o demostran os datos sobre o número de alumnado matriculado no Grao en Mestre/a en Educación Infantil, a cobertura de tódalas prazas ofertadas, a demanda de alumnado para seguir accedendo ó Curso Ponte e o grao de satisfacción coa docencia (datos sinalados en apartados anteriores)</p> <p>Polas valoracións e avaliacións realizadas constátase un alto grao de concordancia entre a documentación que debe acreditar o centro respecto da implantación do título e os resultados obtidos nos seguintes indicadores:</p> <p>Taxas de rendemento: 87.57€</p> <p>Taxas de éxito: 92,27%</p> <p>Aportáanse tamén datos da SUG sobre a evolución da empregabilidade que sitúan a esta titulación, dentro da área das CC. Xurídicas e Sociais, en torno á media de tódalas analizadas, mostrando uns resultados que, de maneira orientativa, se poden ter en conta para analizar a inserción laboral dos nosos futuros titulados. Así, 2 anos despois de rematar a carreira, o alumnado do curso 2008-09 de Educación, atopaba traballo nun 46,60%, este pertencía o seu campo de formación nun 44% e , de media, tardaban en atopar emprego 10,3 meses.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

<b>Sistema de garantía da calidade</b>							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>O grao de cumprimento deste criterio resulta satisfactorio, dada a concordancia entre a MVT e o SIGC.</p> <p>Infórmase da avaliación positiva do Informe Final de Avaliación do Sistema de garantía Interna de calidade con data 30-04-2012</p> <p>O centro continua co desenvolvemento dos procedementos que permitan mellorar a calidade do ensino, de visibilizar o SIGC e de garantir procedementos de reclamacións e suxestións que afectan ó título.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

<b>Calendario de implantación</b>							
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
<b>Satisfactoria</b>	<b>A</b>	<b>Suficiente</b>	<b>B</b>	<b>Insuficiente</b>	<b>C</b>	<b>Ausencia de evidencias documentais</b>	<b>D</b>
<p><b>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</b></p> <p>O grao de satisfacción co criterio "calendario de implantación" resulta satisfactorio, dado que a implantación do Grao Mestre/a en Educación Infantil está avanzando gradualmente según o previsto na MVT. Por outra banda, o mantemento do novo grao con algunha materia en vías de extinción da Diplomatura de Maxisterio tampouco está a supoñer problemas e estanse a contemplar os procesos pertinentes para que o alumnado as poida superar.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>				<b>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</b>			

**4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.**

<b>INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN</b>	
<b>Recomendacións establecidas no informe final</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>

<b>INFORMES DE SEGUIMENTO (indicar o ano)</b>	
<b>Recomendacións establecidas no informe de seguimento</b>	<b>Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)</b>

## 5.- PROPOSTAS DE MELLORA.

<b>ACCIÓN DE MELLORA 01</b>			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM 01
		<b>Tipo</b>	AM
	<b>Orixe</b>	<b>Orixe acción</b>	Análise de datos
		<b>Descrición orixe</b>	Os estudantes indican que adquiren moito coñecemento teórico, pero pouca capacidade de tomar decisión de ensinanza en contextos reais
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Os contidos de moitas materias non fan referencias suficientes a situacións reais de ensinanza
		<b>Definición/ descrición proposta</b>	Prestar máis atención nas diferentes materias ao desenvolvemento das competencias xerais e específicas que fan referencia á planificación e resolución de situacións reais de ensinanza
		<b>Data prevista de finalización</b>	Decembro 2015
		<b>Data inicio</b>	Outubro de 2014
<b>Responsables</b>	<b>Usuario responsable da implantación</b>	Coordinador do Título	
	<b>Outros responsables da implantación</b>	Directores de Departamentos Coordinadores de cursos e materias Comisión de Calidade	
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	T 01	
	<b>Descrición tarefa</b>	Reunión de Coordinadores do Título e dos cursos con directores de departamentos e coordinadores de materias para seleccionar competencias a mellorar	
	<b>Data prevista de finalización</b>	Xuño de 2015	
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinador do Título, Directores de Departamentos, coordinadores de de cursos e de materias	
	<b>Usuario responsable</b>	Teresa Sánchez Castaño	
<b>Subtarefa 1</b>	<b>Código</b>	ST 01	

	<b>Descrición tarefa</b>	Elaboración de un listado de lecturas dos estudantes de mestre de Educación primaria compartidas por todo o profesorado
	<b>Data prevista de finalización</b>	Xuño 2015
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinador do Título, coordinadores de cursos e materias e directores de departamentos
	<b>Usuario responsable</b>	Coordinador do Título
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

<b>ACCIÓN DE MELLORA 02</b>				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM 02	
		<b>Tipo</b>	AM	
	<b>Orixe</b>	<b>Orixe acción</b>	Análise de datos	
		<b>Descrición orixe</b>	O número de estudantes que acceden ó 1º curso supera o aprobado pola Xunta de Centro e os órganos de goberno correspondentes, o que incide na calidade da docencia.	
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Inclusión en 1º curso do alumnado de Curso Ponte, alumnado con traslado de expediente e todo aquel que obtén a mesma nota de corte requerida para titulación.	
		<b>Definición/ descrición proposta</b>	Axustar a o número de alumnos de novo ingreso coas prazas ofertadas	
		<b>Data prevista de finalización</b>	Decembro .2014	
		<b>Data inicio</b>	Xuño 2013	
<b>Responsables</b>	<b>Usuario responsable da implantación</b>	CIUG, Decanato da Facultade.		
	<b>Outros responsables da implantación</b>	Consello de Goberno		
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	T. 01		
	<b>Descrición tarefa</b>	Solicitud por parte do Decanato aos responsables correspondentes da adecuación do número de alumnos de novo ingreso ao número de prazas ofertadas		
	<b>Data prevista de finalización</b>	Previa ó proceso de inicio de matrícula do curso 2014-15		
	<b>Persoa responsable</b>	CIUG e Decano da Facultade		
	<b>Usuario responsable</b>	Decano da Facultade		



<b>Subtarefa 1</b>	<b>Código</b>	
	<b>Descrición tarefa</b>	
	<b>Data prevista de finalización</b>	
	<b>Persoa responsable</b>	
	<b>Usuario responsable</b>	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

<b>Acción de mellora 03</b>			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM 03
		<b>Tipo</b>	AM
	<b>Orixe</b>	<b>Orixe acción</b>	Xeral
		<b>Descrición orixe</b>	Non existe na oferta de charlas do programa A Ponte entre o Ensino Secundario e a Universidade ningunha referida á profesión docente
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Ate agora non se ten ofertado desde a Facultade este tipo de charlas ao Programa a Ponte
		<b>Definición/ descrición proposta</b>	Ofrecer un número limitado de charlas informativas sobre a profesión docente coa finalidade de captar alumnado para a titulacións de mestre
		<b>Data prevista de finalización</b>	marzo de 2014
		<b>Data inicio</b>	Outubro de 2013
<b>Responsables</b>	<b>Usuario responsable da implantación</b>	Coordinador do Título	
	<b>Outros responsables da implantación</b>	Coordinadores de curso, Decano da Facultade e Programa A Ponte	
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>		
	<b>Data prevista de finalización</b>		
	<b>Persoa responsable</b>		
	<b>Usuario responsable</b>		
<b>Subtarefa 1</b>	<b>Código</b>		

	<b>Descrición tarefa</b>	
	<b>Data prevista de finalización</b>	
	<b>Persoa responsable</b>	
	<b>Usuario responsable</b>	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

ACCIÓN DE MELLORA 04			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 04
		Tipo	AM
	Orixe	Orixe acción	Demanda do profesorado
		Descrición orixe	O profesorado sinala a carga de traballo que supón titorizar un TFG e o número moi reducido de horas recoñecidas na PDA e no POD (2 horas por traballo titorizado).
	Definición	Análise causa	O número de horas asignadas á titoría dun TFG non se corresponde coas tarefas e responsabilidades que implica, nin co peso que este traballo ten na formación dos mestres (9 créditos)
		Definición/ descrición proposta	Demandar o incremento de número de horas asignadas á titoría do TFG na PDA e no POD
		Data prevista de finalización	Xuño 2014
		Data inicio	Data de inicio da planificación docente polos responsables correspondentes
Responsables	Usuario responsable da implantación	Decano da Facultade	
	Outros responsables da implantación	Vicerreitoría de Profesorado e Organización Académica, Reitoría	
Tarefa1	Código	T1	
	Descrición tarefa	Solicitude por parte do Decanato do incremento de número de horas asignadas á titoría de TFG	
	Data prevista de finalización	Xaneiro de 2014	
	Persoa responsable	Decano da Facultade	
	Usuario responsable	Decano da Facultade	

<b>Subtarefa 1</b>	<b>Código</b>	
	<b>Descrición tarefa</b>	
	<b>Data prevista de finalización</b>	
	<b>Persoa responsable</b>	
	<b>Usuario responsable</b>	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtareas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

<b>ACCIÓN DE MELLORA 05</b>			
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM 05
		<b>Tipo</b>	AM
	<b>Orixe</b>	<b>Orixe acción</b>	Proposta de mellora
		<b>Descrición orixe</b>	No informe de seguimento do curso pasado faciase a proposta de continuar completando as guías docentes das materias
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Non están dispoñibles as guías docentes de todas as materias
		<b>Definición/ descrición proposta</b>	Promover a elaboración e exposición das guías docentes de mais do 50% das materias da titulación
		<b>Data prevista de finalización</b>	Xuño de 2014
		<b>Data inicio</b>	Xaneiro de 2014
<b>Responsables</b>	<b>Usuario responsable da implantación</b>	Coordinador do Título	
	<b>Outros responsables da implantación</b>	Directores de departamentos, Decanato	
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>	T1	
	<b>Descrición tarefa</b>	Reunión co profesorado da titulación para impulsar a realización das guías docentes	
	<b>Data prevista de finalización</b>	Febreiro de 2014	
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinador do Título	
	<b>Usuario responsable</b>	Coordinador do Título	
<b>Subtarefa 1</b>	<b>Código</b>		

	<b>Descrición tarefa</b>	
	<b>Data prevista de finalización</b>	
	<b>Persoa responsable</b>	
	<b>Usuario responsable</b>	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

ACCIÓN DE MELLORA 06			
Definición	Acción de mellora	Código	AM 06
		Tipo	AM
	Orixe	Orixe acción	Demanda do profesorado e do alumnado
		Descrición orixe	Para a correcta realización do TFG, vese, tanto por parte do profesorado como dos propios alumnos/as, a necesidade de maior formación en competencias informacionais recibidas no 1º curso da titulación e que se imparte polo persoal da biblioteca
	Definición	Análise causa	A información recibido neste campo resulta básica e insuficiente para realizar traballos de documentación e investigación dun grado de elaboración importante, como os TFG
		Definición/ descrición proposta	Dotar o persoal da biblioteca da formación, infraestruturas e medios para impartir este curso, sen merma das outras funcións que deben desempeñar
		Data prevista de finalización	Xuño 2015
		Data inicio	Setembro 2014
Responsables	Usuario responsable da implantación	Persoal da Biblioteca	
	Outros responsables da implantación	Decanato, coordinadores de curso e titulación	
Tarefa1	Código	T1	
	Descrición tarefa	Solicitud por parte do Decanato desta petición o organo correspondente(PAS)	
	Data prevista de finalización	Xuño 2013	
	Persoa responsable	Decano da Facultade	
	Usuario responsable	Decano da Facultade	
Subtarefa 1	Código		



	<b>Descrición tarefa</b>	
	<b>Data prevista de finalización</b>	
	<b>Persoa responsable</b>	
	<b>Usuario responsable</b>	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtarefas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.

<b>ACCIÓN DE MELLORA 07</b>				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	AM 07	
		<b>Tipo</b>	AM	
	<b>Orixe</b>	<b>Orixe acción</b>	Demanda do profesorado	
		<b>Descrición orixe</b>	Sectores do profesorado botan en falta a existencia de pizarras dixitais que permitan a formación do profesorado no manexa destas tecnoloxías que están difundidas na educación primaria e infantil	
	<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	No existen pizarras dixitais de acceso fácil no Campus Norte da Facultade de Ciencias da Educación	
		<b>Definición/ descrición proposta</b>	Instalar pizarras dixitais nalgúns espazos do Campus Norte da Facultade	
		<b>Data prevista de finalización</b>	Xuño de 2014	
		<b>Data inicio</b>	Xaneiro de 2014	
<b>Responsables</b>	<b>Usuario responsable da implantación</b>	Decano da Facultade, Vicedecano de Asuntos Económicos		
	<b>Outros responsables da implantación</b>	Coordinador da titulación		
<b>Tarefa1</b>	<b>Código</b>			
	<b>Descrición tarefa</b>			
	<b>Data prevista de finalización</b>			
	<b>Persoa responsable</b>			
	<b>Usuario responsable</b>			

<b>Subtarefa 1</b>	<b>Código</b>	
	<b>Descrición tarefa</b>	
	<b>Data prevista de finalización</b>	
	<b>Persoa responsable</b>	
	<b>Usuario responsable</b>	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

Notas:

Cada Acción pode ter varias tarefas.

Cada Tarefa pode ter varias subtareas.

O seguimento debe facerse, tamén, para cada tarefa e subtarefa.